

Con data 29 de outubro 2018 publicaróñse as Listas Definitivas da Convocatoria **12/2018** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal,

Visto o escrito presentado polo Investigador Principal D. **Juan M. Lema Rodicio** da praza de referencia **2017-PG080**, titulada “Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1613 Biotecnoloxía ambiental (Biogroup)”, no que manifesta que entre os candidatos admitidos figura Dona Iria Lema Garabatos, coa que a une un parentesco de consaguinidade de primer grao.

**Esta Reitoría RESOLVE**, nomear a Don Gumersindo Feijoo Costa para a valoración das solicitudes da praza de referencia **2017-PG080**, dado que segundo o punto 6 da convocatoria “Proceso de Selección” os membros da Comisión deberán absterse de intervir, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á data da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018  
Por delegación do reitor  
(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)  
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzuri  
(asinado dixitalmente)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 30/10/2018 09:19:23.

CSV: 6790-7B91-4731-8C0A